



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 7 DE DECEMBRO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1435/2009.- Francisco Guldrís Mosquera. Construcción de vivenda unifamiliar na rúa Outeiro do Castiñeiriño.

LIC/1470/2010.- Vicente de la Fuente Fontao.- Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no Lugar de Sisto.

LIC/1367/2008.- Luís López Loimil.- Construcción de vivenda unifamiliar no lugar de Sanxuas, Arins.

LIC/715/2010.- Rita María Puente Bautis.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa de Amio, 6..

LIC/2140/2009.- Manuel López Pereira.- Construcción de vivenda unifamiliar na rúa Coto da Nai.

LIC/140/2010.- María del Carmen Garabal Iglesias.- Rehabilitación de vivenda unifamiliar no lugar de Piñeiro da Enfesta

CORRECCION DE ERRO.-

LIC/286/2008.- José Dominguez Giadáns.- Corrixir o erro que existe na Resolución da Xunta de Goberno Local de 29 de xuño de 2010

RECURSO DE REPOSICION.-

LIC/286/2008.- José Dominguez Giadáns.- Resolución da Xunta de Goberno do 29 de xuño de 2010 que concede licenza a don José Rodríguez Giadáns para execución dun muro de contención na rúa do Sandino 49-51. (-)

CAMBIO DE TITULARIDADE.-

LIC/2362/2010.- María Begoña Mosquera Taboada.- Cambio de titularidade a prol dos novos adquirientes da parcela, dona Laura Mosquera Taboada e don Fernando López López.

PARCELACIONES.-

LIC/352/2009.- UNEDA, 2000 SL,- Parcelación urbanística, da parcela situada na rúa Souto, parcela 2 resultante da parcelación urbanística autorizada pola Xunta de Goberno Local do día 5 de abril de 2004. (+)

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

2155/2009.- YOUSEF MOHAMAD AL RAMAHI.....LIC/1156/2002.....2.500 €

5.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a unha axuda de carácter social.

Apróbase unha axuda por importe de 540 euros.

6.- Prorroga do Contrato Administrativo Especial para a Conservación e Mantemento do Cemiterio Municipal de Santiago de Compostela.

Prorrégase por dous anos o contrato de referencia a contar desde o 11 de decembro de 2010 a ata o 10 de decembro de 2012, así como a revisión do prezo de adxudicación

7.- Aprobación do proxecto e adxudicación das Obras de Reforma e Acondicionamento do Centro Sociocultural de CESAR.

Apróbase o proxecto así como a adxudicación dos traballos de referencia á empresa AUGASMESTAS INVERSIÓN DO RURAL, SL, por importe de 29.002, 38 euros.

8.- Adxudicación do contrato de subministro de mobiliario para o Centro Xove de Creación Cultural.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa ARCE AMOR, SL, por importe de 40.105,50 euros.

9.- Adxudicación do contrato de subministro de utilaxe vario para a rede municipal de Centros Socioculturais.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa DAVIÑA DIVISIÓN COMERCIAL, SL, por importe de 23.730 euros.

10.- Cambio de ubicación duns postes electrónicos de información en parada aos usuarios do transporte urbano de Santiago.

Autorízase o cambio de ubicación do poste electrónico de información en parada de autobuses que correspondía instalar na rúa da Senra para colocalo na rúa Xeneral Pardiñas á altura do número 35, ante a complexidade que comporta a instalación no punto inicialmente previsto e toda vez que non se altera o contido da prestación.

11.- Estimación parcial do recurso de reposición interposto no expediente de contratación das obras de Reurbanización da rúa Trinidad.

Estímase parcialmente o recurso de reposición interposto pola empresa NEOR, SA, adxudicataria das obras de reurbanización da rúa Trinidad e considérase probado que a empresa incumpliu o prazo de execución pactado por causas que lle son imputables, o cal supón unha demora de 58 días naturais no remate das obras polo que procede a imposición das penalidades establecidas no prego de cláusulas a razón de 0,55/día/1000 euros do prezo do contrato, o que acada un importe de 3546,18 euros, que se fará efectivo mediante deducción nas correspondentes certificacións de obra.

12.- Adxudicación definitiva do contrato de subministro de uniformidade e accesorios para o persoal da Policía Municipal.

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia ás empresas que a continuación se relacionan, en función dos diferentes lotes:

LOTE I: prendas de confección a medida.- EL CORTE INGLÉS, SA- 94.900,80 euros.

LOTE II: accesorios- EL CORTE INGLÉS, SA - 5.247,23 euros

LOTE III: calzado – COMPOL, SL – 7.788 euros

LOTE IV: cascos semiintegrales para motoristas: COMPOL, SL – 2.551,16 euros.

13.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Subministro de material consumible de oficina para o Concello de Santiago de Compostela.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento abierto, establecéndose un tipo total de licitación de 121.826,032 euros desglosado en dous lotes.

14.- Adxudicación do contrato de Servizo de deseño, elaboración de contidos, producción, execución e construcción de elementos expositivos da mostra gráfica e audiovisual itinerante A MEMORIA DA XENTE.

Adxudícase o contrato de referencia a favor de TRIVIUM ESTRATEXIAS EN CULTURA E TURISMO, SL, por importe de 40.108,2 euros.

15.- Adxudicación do contrato de Subministro de mobiliario para diferentes Centros Socioculturais do Concello de Santiago.

Adxudícase o contrato de referencia a favor de ARCE AMOR, SL, por importe de 52.473,42 euros.

16.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Subministro de cascos polivalentes para a intervención en lumes para o Servizo de Extinción de Incendios.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescripcións técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 33.547,4 euros.

17.- Aprobación de pregos e inicio do expediente de contratación do Servizo de desenvolvemento do programa NADALXOGO 2010.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 69.780 euros.

18.- Adxudicación do contrato de Servizo de desratización e desratonización no termo municipal de Santiago 2010.

Adxudícase o contrato de referencia á empresa ARUMIA, SL, por importe de 25.200 euros.

19.- Proxecto modificado do de Construcción de Campo Fútbol en Santa María de Villestros, incluída no FES 2010.

Apróbase o proxecto modificado de referencia por importe de 577.819,33 euros e a súa adxudicación á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES, SA.

20.- Alleamento da parcela nº 4 do proxecto de compensación do SUNP-4 Camiño Francés, destinada a vivenda sometida a un réxime de protección autonómica.

Acórdase allear mediante o procedemento de CONCURSO PÚBLICO CON PROCEDEMENTO ABERTO a parcela nº 4 do Proxecto de Compensación do SUNP-4 Camiño Francés, de superficie 1290,67 m² e cunha edificabilidade de 2104,66 m² m² construíbles, polo prezo de 930.906,08 euros (dos que 788.903,46 € corresponden ao prezo sen IVE e 142.002,62 € ao IVE). Tamén se aproba o Prego de cláusulas que rexerá esta venda e o inicio do expediente de licitación.

21.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do Alleamento da parcela número 2 do proxecto de normalización de predios na rúa BETANZOS.

Acórdase allear mediante o procedemento de POXA CON PROCEDEMENTO ABERTO a parcela 2 do Proxecto de Normalización de predios na rúa Betanzos, que conta cunha superficie de 235 m² e cunha edificabilidade de 297,28 m² m² construíbles, polo prezo de 251.393,16 euros (dos que 216.718,24 € corresponden ao prezo sen IVE e 34.674,92 ao IVE). Tamén se aproba o Prego de cláusulas económico-administrativas que rexerá esta venda e o inicio do expediente de licitación.

22.- Subministro de mobiliario e equipamento para o Centro de recursos e servizos integrais de apoio á empresas (CERSIA).

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e técnicas así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento aberto establecéndose un tipo de licitación de 200.000 euros.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á aprobación do proxecto modificado das obras de construcción de pistas de tenis e paddle en Sar.

Apróbase o proxecto modificado por importe de 465.048,15 euros.

24.- Corrección de errores no acordo do 5 de outubro de 2010 relativo a transcripción de cantidades. Expropiación para conexións exteriores do equipamento administrativo de San Lázaro.

Corríxense os errores detectados. As cantidades quedan da seguinte forma: diferenza: 15.594,27 euros, xuros: 6.432,25 euros.

25.- Petición de prórroga do prazo para solicitar licenza e construír nas parcelas 69 e 70 do SUNP-37. Costa Vella.

Concédease a MEDIOS DIGITALES DE GALICIA SAU unha ampliación do prazo para solicitar licenza para a construcción do CENTRO DE PRODUCIÓN E EMISIÓN DE TELEVISIÓN TERRESTRE DIXITAL NO ÁMBITO AUTONÓMICO GALEGO, nas parcelas 69 e 70 do SUNP 37, a 6 meses desde a notificación polo órgano autonómico correspondente da resolución pola que se outorga definitivamente a concesión da prestación do servizo de televisión terrestre dixital no ámbito autonómico galego, co límite de 3 anos desde a adopción do presente acordo.

26.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo e Vivenda relativa á provisión dun posto de administrativo para a Dirección da Área de Urbanismo.

Acórdase a devandita provisión.

27.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á revogación da convocatoria do proceso selectivo para a provisión de dúas prazas de Bombeiro-Conductor.
Revógase a devandita convocatoria.

28.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á resolución de reclamacións contra a asignación de complemento de productividade correspondente ao primeiro semestre do ano 2010.
Resólvense dúas reclamacións.

29.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á aprobación das bases para a provisión polo sistema de libre designación, do posto de traballo de adxunto á xefatura do servizo municipal de Extinción de Incendios deste Concello.
Apróbanse as devanditas bases.

30.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á corrección de erros materiais na concesión de axudas sociais ao persoal municipal.
Corríxense os devanditos erros materiais.

31.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á adxudicación de cortinas na rede de Centros Socioculturais.
Adxudícase a devandita subministración por importe de 19.493,60 euros á empresa GALICIA AMUEBLAMIENTOS, SL.

32.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Centros Socioculturais relativa á adxudicación de carpintería a medida (mobiliario) na rede de Centros Socioculturais.
Adxudícase a devandita subministración por importe de 12.615,38 euros á empresa CARPINTERÍA MÁRQUEZ Y VILELA, SC.

33.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á xustificación do convenio asinado entre o Concello de Santiago de Compostela e Música en Compostela, así como o pago da correspondente contía.
Xustifícase o convenio e acórdase proceder ao pagamento do importe de 5.000 euros.

34.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á aprobación da convocatoria da edición de NADAL do concurso de escaparatismo SCQ SHOPPING 2010.
Apróbase a convocatoria e un importe de 12.082,63 euros.

35.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación de actividades do Salón de Nadal do Libro Infantil e Xuvenil e do acto de inauguración do Programa de Festas de Nadal.
Apróbase a actividade e un orzamento de 29.000 euros.

36.- Rectificación da proposta relativa ao nomeamento de representantes municipais nos Consellos Escolares de Centros.
Rectifícase a devandita proposta.

37.- Toma de razón do informe de Intervención sobre recoñecemento de obrigas de varios contratos e adopción de acordo ao respecto.
Acórdase a toma de razón do informe de intervención relativo ao recoñecemento de obrigas nos contratos para a xestión da recollida de residuos urbanos e para a xestión do servizo público de mantemento e reposición de zonas verdes, que informa negativamente as facturas dos meses de xullo, agosto, setembro e outubro por incrementar o prezo do contrato inicialmente ofertado nun 2% por aplicación da normativa do IVE.

38.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta do fallo da XV edición do premio literario Ánxel Casal.
Dáse conta do devandito fallo.

39.- Dar conta do escrito da Deputación Provincial da Coruña relativo á concesión de subvencións nominativas ao Concello.

Dáse conta da concesión de dúas subvencións:

- plan de competitividade turística. 150.000 euros
- sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche. Ano 2011: 180.000 euros.

URXENCIAS

- Autorízase a ampliación do prazo do contrato de “ampliación, adecuación e supresión de bareiras arquitectónicas e sinalización de sendeiro autoguiado polos parques de Compostela (FEESL 2010)” ata o vindeiro 12 de decembro.

- Adxudícase o contrato de suministración de mobiliario para a LUDOTECA de Fontiñas á empresa LOGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, SL, por importe de 65.135,26 euros.

- Estímase parcialmente o recurso de reposición interposto pola empresa NEOR, SA, adxudicataria das obras de reurbanización da rúa Raxoi e considérase probado que a empresa incumpliu o prazo de execución pactado por causas que lle son imputables, o cal supón unha demora de 21 días naturais no remate das obras polo que procede a imposición das penalidades establecidas no prego de cláusulas a razón de 0,55/día/1000 euros do prezo do contrato, o que acada un importe de 1.810,79 euros, que se fará efectivo mediante deducción nas correspondentes certificacións de obra.